

XXII Festival da Poesia no Condado: Galiza Nom se Vende!!!

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XXII Festival da Poesia no Condado: Galiza Nom se Vende!!! (2013 [2008]). S.C.D. Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2546>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XXII Festival da Poesia no Condado: Galiza Nom se Vende!!! (2008). S.C.D. Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 11 de xaneiro de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

XX!!

**FESTIVAL DA
POESIA NO
CONDADO:**

**GALIZA
NOM SE
VENDE !!!**

S.C.D. CONDADO



S.C.D. CONDADO

**XX!!
FESTIVAL DA
POESIA NO
CONDADO:
GALIZA
NOM SE
VENDE !!!**

S.C.D. CONDADO

Edita:

S.C.D. Condado, 2008

Desenho e maquetación:

Nadina Bértolo / X.Carlos Hidalgo

Traduçon:

Isaac Lourido (Limam Boicha)

Samuel Solleiro (Núria Martínez Vernís)

Imagens

Cristina Rocha (p. 20), Paco Vila (p. 98-103),

nelson d'aires (p. 116), d. (p. 50), X.Carlos Hidalgo (p. 14)

Imprime:

Gráficas Juvia



ÍNDICE !!!

- 12 O Leo
- 18 Kiko Neves
- 26 Carlos Figueiras
- 34 Valentina Carro
- 42 María Lado
- 48 Xiana Arias
- 54 Paco Souto
- 60 Pedro Casteleiro
- 66 Concha Rousia
- 76 Cruz Martínez
- 82 Alberto Lema
- 88 Igor Lugrís
- 96 Chus Pato
- 104 Limam Boicha
- 114 Isaque Ferreira
- 120 Núria Martínez Vernís

GALIZA SITIADA !!!

*¿Qué é o mundo? ¿Unha canteira para explotar os seus
minerais con beneficio, ou un belo e fráxil xardín
que coidar e mellorar ?*

Na Galiza estamos sumidos nunha crise ecolóxico política que pon de manifesto o desfase existente entre as institucións políticas “representativas” que únicamente funcionan como axentes dos grandes poderes económicos e a poboación que sofre a depredación do territorio que habita. No noso país trinta anos despois da chamada “transición” vivimos instalados no paraíso da corrupción político financeira que provoca un “desencanto” xeral e un desprezo pola legalidade vixente que nos converte no país do todo vale e todo se vende. Vivimos ata agora na economía dos “pelotazos” que ten propiciado unha degradación do territorio sen precedentes.

PÉNSASE QUE ESTE PAÍS, DE NATUREZA PRIVILEIXADA, O AGUANTA TODO. PERO XA NON. DAS SUXAS RÍAS, DO INFLAMABLE EUCALIPTAL E DAS FERIDAS MONTAÑAS AGROMA UN BERRO DE ALARMA QUE, POR MOITO QUE TURREN, NON PODEN CALAR.

Esta economía baseada na pura especulación é froito da connivencia dos poderes públicos cos “emprededores” de turno sexan os Tojeiros, Joves, Caixas e tutti quanti poidera facer negocio a costa de “poner en valor” o noso territorio. Segundo estes, todos os recursos naturais son reducibles a mera condición mercantil, todo é pura mercancía, desde as nosas rías, os nosos montes, o noso vento etc. Todo serve para alimentar a máquina infernal do capitalismo, este capitalismo salvaxe que necesita expropiar os territorios para seguir acumulando, nun remedo daquela acumulación primitiva da que xa falaba o vello Marx.

Todo este novo SUPOSTO milagre económico faise a costa do novo “deux machina” da produción, a base de “poñer en valor” os recursos naturais que són patrimonio do noso povo. Este novo saqueo a imitación do saqueo das antigas Indias e o resultado último do sistema económico capitalista que unicamente “produce” apartires da expoliación da terra, esquencendose daquelo que sabían os clásicos de que a Terra nai era a única que producía cos seus ciclos naturais.

Frente a todo iste xurden iniciativas como Galiza Non se Vende que articula a defensa do territorio galego como forma de opoñerse a este neomodelo de capitalismo delinciente que está a ser impulsado polas novas clases depredadoras. Loitando contra a ideoloxía dos megavatios, das regasificadoras, das canteiras, das piscifactorias, Aves; contra esta nova barbarie do chamado “progreso”. O movemento que supón este povo organizado, construíndo en compañía un novo mundo mellor. Contra este estilo de vida derrochador. Contra a obsesión das grandes megainfraestructuras que esquencen sempre que o pequeno é o fermoso.

Loitando contra este sistema baseado no consumismo sen freno e no individualismo máis atroz. Todos xuntos, o que antes se chamaba povo, loitando por unha nova economía moral da multitude no que non sexa necesario destruír o noso fogar común para poder vivir. Para vivir en paz coa terra. Non aspiramos a que este novo capitalismo galego se faga amigo da nosa terra, sabemos que iso non é posible, aspiramos a que a coartada dos “postos de Traballo” non sirva para seguir arrasando, para que non nos sigan vendendo as súas iniciativas como desenvolvemento cando o úneco que lles preocupa e o diñeiro.

Estamos xuntos para traballar por unha terra na que a nova oligarquía non logre impoñer o seu modelo corrupto, que xera desigualdade e fallas de liberdade real. Estamos contra esta falsa democracia dirixida por empresarios e políticos que dominan os chamados medios de comunicación e que funcionan como meros intermediarios dos grandes intereses corporativos.

Podese nos acusar como outrora se acusaba a algún partido do actual goberno como “os do non”. Pero non, en evocación Celsoemilián, nos somos os do si, decimos sí a mellorar a calidade de vida das nosas xentes, Sí o Courel, Sí a Ría de Ferrol, Si os nosos Montes, Sí Quilmas, Corrubedo, Si a Laxe Brava, Si a Seiruga limpa. En fin sí a os nosos ríos limpos,

a nosa paisaxe, as nosas costas, a terra nai chea de vida... E por iso tomamos a rúa, para visibilizar o conflito, para que se vexa como se pisotean as leises fundamentais do estado de dereito, como domina a arbitrariedade, para que o conflito nos interpele a todos. Para que a lei do mínimo esforzo que é a lei dos cobardes non se faga popular. Nos países onde prima a lei do silencio o máis probable é que prime a inxustiza do orden antigo ou sexa o desorden que denunciaba o grande comunista italián. Acabemos cos que prefiren a inxustiza a un novo mundo compartido.

Este ano o festival de poesía do Condado adícase o Movemento Galiza Non se Vende e conflúe nesa loita común de compartir as nosas soedades para que desemboquen nesa grande marea de alegría compartida que supón a loita colectiva. Os verdadeiros poetas sempre estiveron o lado dos que sufren, dos que són explotados, das xentes do común, e neste caso tamén están co país de nos. Decía alguén que o fascismo é o desprezo, que toda forma de desprezo prepara e instaura o fascismo. Acabemos xa co desprezo a nosa Terra e cantemos todos xuntos, poetas todos o grande Uxío:

Galicia

Será a miña xeneración que te salve?

Irei un día do Caurel a Compostela por terras liberadas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútil

Uxío Novoneira 1957

Quixera para rematar honrar a memoria de Carmelo Teixeira, morto en Febreiro deste Ano. Este Militante da terra morreu de pé loitando pola Ría de Ferrol en contra da planta de Gas, fixo sempre o que puido para que o fogar de Breogan despertara do seu sono. Que a terra xe sexa leve Carmelo.

Alexandre Carrodegas

Membro da Rede Galiza Non se Vende

En Agosto na Ría de Ferrol

*A Ramon Munxaraz,
na mem3ria*

O LEO !!!



O Leo é unha neurona perdida –das muitas caídas en combate– dun tipo que lle chaman Leonardo Fernández Campos, que abriu os ollos en Matamá, Vigo, no ano 74, no mesmo día que rodaron cabezas na Bastilla 185 anos antes. O Leo son Eue, o blogueiro de haicu.blogspot.com. De aí saíron os textos que despois viñeron dar nun libro, *hai cu. Pintadas no báter* (Xerais, 2007), nun Espectáculo Multimerda e na Xira *E Aghomita!* doutra neurona perdida de meu que lle chaman O Leo i Arremecághona! e que fixo o disco *Suspiros de Kaña* (A Regueifa Plataforma, 1998-2006) e *Aghomita, campión!*, e o dvd *Sigho (Vivo)!*, que aínda non saíron. Mirámonos.





Gym-sberg

Eu mirei os mellores
cerebros da miña xeración

estrompados contra o plinton

Orvital

Sempre quixen ir
á Lúa, a Venus

Amarte

A vida

Buah!


Ñaca-ñaca

Chim-pum

**KIKO
NEVES !!!**

Naceu no Condado, no verán de 1969.
En 1995, no XV Festival da Poesía do Condado recitou pola primeira vez ao público os seus poemas. Logo, e durante cinco anos, deu máis dun cento de recitais ao longo de todo o país. Ten publicados os poemarios *Ruído de Motos* (Letras de Cal, 1997), *Un Poema de Amor* (Egasur, 1998) e *Centoonce* (Edicións Xerais de Galicia, 2004); en narrativa, *Un Baile de Moscas* (Edicións Xerais de Galicia, 2001). Participou en diversas publicacións colectivas e nas edicións 2002 e 2003 dos libros do Festival. Colaborou nos xornais A Peneira e Novas da Galiza. Actualmente traballa de contable na vila de Pontearreas.





Ponte areas nos ollos,
meu amor,
porque só quero ver sangue.
Só quero ver sangue.
Pontearreas.
Sangue.

Polas rúas hai xente
con acenos de desbrozadora.
Levan motoserras embaixo das pálpebras.

Á noitiña, a brétema é tan espesa
que podería servir de cemento armado.
A brétema érguelle unha placa máis
a todos os edificios.

De mañá, fede a mexo.

O mellor curruncho
para se agachar
xa non son os bares.
Nas barras dos bares, as desbrozadoras
aparcen os seus corpos cansos
en batería.
Hai pelexeiras por cada pingueira
de gasolina.

De mañá, asegúrocho,
meu amor,
podes topar carne fresca
polas beirarrúas.

Cans sen dono aliméntanse
dos ollos cansos das pescadas
polos corredores abandonados
da praza de abastos.

Na casa do concello
resisten ratas fedorentas.
Hai funcionarios agachados nos sumidoiros.
A policía municipal mutou
nun rebaño de toupeiras covardes.
Buscan alimento nos tubos de escape
dos carros estacionados en dobre fila.

No despacho da alcaldía
pódoche asegurar que hai vida:
hai musgo, húmido e pegañento,
apegado á cadeira;
coma nos valos vellos
dos máis fuscos castros.

Sangue. Ponteareas.
Vilanéboa. Porcareas.

Penso en todas estas cousas
e só topo culpables.

Sombras ao axexo.

Dende a casa vexo sombras ao mediodía.
Soan campás e cheira a incienso.

Non son mortos.
Fan quendas no supermercado,
no ambulatorio,
nos bancos, nas paradas dos taxis.
Tamén agardan que pase o tempo,
nos bares,
co motor ao ralentí.
Mais tampouco semellan vivos.
Debería saír aí fóra
e rematalos.

Estou pechado.
Estou ben.
Decidín saír da casa
únicamente para me defender.

Onte á tarde fun pasear
só por lle meter unhas hostias ao cura.
Porque si.
Por culpable.
Non o topei.
Mais o imbécil do monaguillo
ha tardar dous meses
en saír do coma.

Hai quince días encargueime
dun policía.
Porque si, tamén.
Tomeille xenreira ás toupeiras.
As súas entrañas eran noxentas.

Levoume toda a tarde
limpar os zapatos.
Os meus zapatiños de domingo.

Estou ben, repito.
Estou a planificar a miña estratexia
para os vindeiros días.

Se non estás morto
deberías estar a tremer.

Vou visitar os comercios,
por exemplo,
un por un.
Vounos transformar en saas de exposición
dos máis tristes dos tanatorios.

Teño a casa ás escuras
e aliméntome de vinagre.

As rúas son sangue
e gasolina.
Porcareas, definitivamente.

Durmo teso,
entre dous cirios ardendo.
A miña nai di que debo ter un problema.
A miña nai só se sabe queixar.
Non lle gusta estar atada polos cabelos
no extractor da cociña.

Cando planexo a miña estratexia
non quero a ninguén a me amolar.

Ás escuras decido os meus obxectivos
salpicando con seme
a guía de teléfonos.

O brión que te ordea.
O corvo que te bautiza.
A toupeira que te multa.
A brétema que te inocula
alzheimer.
Eles e ti,
meu amor,
e mais todos vós.
Dende o A ao Z.
Dende Abalde a Zúñiga.

Estades
todos
mortos.

CARLOS FIGUEIRAS !!!

Carlos G. Figueiras (Chantada 1981), formado em Estudos Portugueses pela Universidade de Santiago de Compostela, trabalha como investigador e docente de literatura portuguesa nesta mesma universidade. Tem participado de diferentes colectivos de acção social como a Plataforma Nunca Mais-Lisboa, surgida após o afundamento em 2002 do petroleiro Prestige frente às costas da Galiza, o Movimento Defesa da Língua, de que foi porta-voz entre 2005 e

2006, ou a Associação Galega da Língua, editora da revista *Agália*, de que integrou o Conselho de Redacção. Tem colaborado em meios de comunicação como o jornal *Novas da Galiza* ou o *Portal Galego da Língua* e é tradutor para castelhano de Wenceslau de Moraes. Tem publicado poemas em diferentes revistas (*Mea Libra, Revista das Letras, Escrita Contemporânea, Agália...*) e participado em recitais e oficinas de criação celebrados na Galiza e em Portugal. Durante a sua etapa universitária recebeu diferentes prémios literários para a jovens (*Camiño de Santiago, Vozes da Terra...*) e, recentemente, o seu romance *Três Tristes Sonhos de Princesa* ganhou o Iº Concurso Internacional “Galescola” de Criação de Material Didáctico e será editado pela VOGAL (Viveiro e Observatório das Galescolas), associação concessora do prémio. Actualmente é porta-voz de Estaleiro Editora, projecto de edição livre galego, de que é sócio fundador.





Tristes crianças, papel de rebuçado em mão
que quase não soubemos rir
dos vazios e das manhãs,
das manhãs vazias de mais gente...

Des-gestamo-nos nas noites
à procura de existir ente balcões e casas-de-banho,
gestamo-nos depois no banheiro
por volta do meio-dia e meio...

Tristes crianças, toalha de banho em mão
que não soubemos conformar-nos com os
pratos cheios
e os talheres de desenho nas toalhas vazias de mais mãos...

Des-gestamo-nos nas tardes
à procura de existir entre o mundo real e a quadrícula dos
projectos
gestamo-nos depois na cama em solidão
por volta da meia-noite e meia.

Não
 se
 lê
 poesia,
 ou quase também não
 se vive
 ou quase não sei se a ficção se lê, mas é ficção
 a poesia
 hoje, qual a realidade: manuais técnicos sempre.

Houve
 um certo medo do armazém cheio e de fazer investimentos [excessivos...
 Não faz sentido pagar poetas se as quadrículas se apoderaram [dos teus olhos,
 sabes que metade do produto é infanto-juvenil...
 e depois (pouco) sexo, (muita) droga e quadrícula...
 de sonhos e de rock&roll nada! (ou quase nada).

...

Só escrevo quando não estás comigo
 poemas.

Antes, quando dormias na cama
 em silêncio
 eu escrevia histórias para crianças
 que nunca se publicarão no meu país (o país inexistente numa
 [sociedade mutilada)

acho escrevia para elas, que tu bem sabes quem tencionava
[que fossem...

Mas agora tu já quase não estás (e elas inexistem mutiladas)
e quando chego a casa escrevo os poemas
que me batem cada dia nos ouvidos
desde o interior do cérebro.

Putá poesia meu amor...
admiremos hoje juntos a estúpida metáfora!

EU
preferia o meu mundo
de antes
feito de manchas de texto informes sobre o vento.

Tatuei-te na voz e nas palavras,
letra impressa no corpo
denunciar-me(-te) em cuecas cor-de-rosa-dos-ventos.
Remar só no mar revolto.
Só na inexistência de papel
sob a pele-pátria-orgânica
que fiz desenhar
para apodrecer e ser assim livre...
minha mãe quando eu morrer...
quero que retirem os símbolos do quarto
e ser queimado
um primeiro de Abril
para afundar-me assim no silêncio dos sorrisos
com independência da nação
que me obsequiou uma vida
triste, dura e fria,
dependente.

**VALENTINA
CARRO !!!**



valentina *adx.* 1. (Castrelo, 1984).

Unha vez, había manivelas nijinsky
furando perfebas. 2. A masturbación
de óboes iníciase apoiando o cóbado

esquerdo nun rapsoda dos balcáns.

3. É nube unha antropometría azul?.

4. Aplícase frecuentemente a persoas cando
fermentan lirismo suxo.

Daquel ano recordo que cada un se fixo ermitán diante dos lenzos. Cumprimentáronse catro solicitudes de autoexilio nas depresións do corpo.

Vin a Pollock enxertando miradas abismais nos ollos de Antón Patiño, Menchu Lamas, Guillermo Monroy e Anxel Huete.

Sucedeu a retorsión dos alacrás ata acadar a posición exacta de autismo courel. E comezar a debuxar pensamentos concéntricos coas rodas dun jeep enlamado sobre o mantel do encéfalo. Houbo podios de clasificación para un tirarse ós cantís de kooning.

Finalmente, padiolas mecánicas transportaban mortes de clítoris por rothko.

Alguén aguantou as ganas de mexar.

E finalmente,

Post scriptum: a compañía de avións non quixo cambiarlle o billete de voo a menchu para botar máis tempo na sala Motherwell. Así que se encadeou ás portas dun supermercado a facer folga de fame con galletas santiveri. Levárona detida.

*Apud.

<http://www.culturagalega.org/temadia.php?id=2295>

“Atlántica é un dos piares claves do movemento artístico contemporáneo e que revive estes días na exposición que se realiza no Marco”

Santiago. Redacción. 29 / 1 / 2003

[...*Foi nos 80 cando Antón Patiño, Menchu Lamas, Guillermo Monroy e Anxel Huete realizaron unha viaxe ós Estados Unidos onde viron de primeira man as obras dos abstractos americanos Pollock, Rothko, Motherwell ou De Kooning...*]

Mercar un pantocrator e exilia-lo da súa mandorla de pan de millo para cultivar dentro paquebotes esmeralda constantino candieira.

Penso que esta podería ser unha aldraba circunstanciosa coa que petarche na porta para que me deixases entrar.

E senón rebentareiche as rodas do teu citröen dous cabalos con escopeta de balíns breton(s)

que sei que virás con vodka a brindar por violenci-arte

((é curioso constatar como a gradación alcólica inflúe no peso da palabra: poño vodka onde quizais debería decir viño?))

Descoñezo as túas preferencias, non obstante a lingüística.

e mentres ti tal, eu:

quero cabalgar luces marcha atrás
para pisar alfombras de xunza retro
con teclas intro de ordenador mecanográfico

porque nas feiras dos sábados os xitanos non venden cuartos
húmidos con candeas verdes
a alumear no peitoril das bocas

e non quero proclamar que un pato sen cabeza debe ser
considerado anadiplose
ó carón de 25.000 zapatos que teñen o 10% de desconto

ou si

Acabáronse as toallas portuguesas
só na bauhaus facían tapices xeitosos.

O *the end* para un inicio ten que ser forzosamente reixa e
rompente:
levarei unha bolsa eroski cargadiña de guindillas, que din que é
loucura.

Stanislavsky será o meu refén
el pintará porcelanas no chanzo das escaleiras
e non vale decir Pound Camus Mao Tse Tsung
senón metelos a todos na boca e practica-la dixestión das vacas.

Que a túa veciña traia gafas de soldador.





Básicamente, estaban Walter Marchetti, Chus Pato, Outeiriño, Alberte Pagán.

Entón foi cando Outeiriño dixo que non valía a pena facer unha descrición do evento

porque pura logorrea e todo iso,

a imposibilidade de chegar á plenitude da representación

cafelas neghras.

O ceo tiña por dentro vulvas esponxosas de manequín de camisería.

Todos levaban sombreiro, pois había certa beleza fisiolóxica a escruta-lo aire

Beber enchendo o vaso de sorbos era condición *sine qua non*.

MARÍA
LADO !!!



María Lado Lariño (Cee, 1979).

Comezou a escribir entre as xentes do *Batallón Literario da Costa da Morte*, onde participou das antoloxías poéticas do colectivo. Como poeta ten publicado *A primeira visión* (Letras de Cal, 1997), *casa atlántica casa cabaret* (Xerais, 2002), *berlín* (Concello de Santiago/El correo gallego/AELG), poemario que conta tamén cunha edición dixital en formato audiolibro, recitado pola autora e musicado por Fanny e Alexander de libre descarga en www.aregueifa.net. Acaba de publicar o seu cuarto poemario, *nove*, gañador do premio Avelina Valladares da Estrada.



cápsulas

é bonito porque che miro e só che vexo sorrir. e a brisa. é estar aquí tan arriba e sen caer coma a noite nos tellados. mirando as antenas e a ti. miro e só che vexo sorrir. e iso ponme feliz, aquí tan arriba.

e porque sonan as nosas cancións favoritas. imos ao almacén, dixéste-me queeres vir? que hai? hai unha festa. e eu vin da túa man. pero dende aquí vese a cidade e ti tráeme para que eu a vexa. porque sabes que me gusta de madrugada. déitase. ti tamén ves como se deita e nos chama. por iso sentamos nos bordes das terrazas. e xogamos a cuspir sobre os capós dos coches. e ti pregúntasme onde vai acabar antes de cuspir e eu xogo a averiguar se acertas sobre os taxis. e así alongar a noite ata que o sol alumee e pasee señoras. eu adoro esta cidade que sorri na túa boca antes do día romper. aí é onde eu vou acabar. na túa boca. debaixo da túa lingua ou que me tragues coma unha **cápsula**. pero que non veña mañá levarnos na súa tristeza de caídas. *porque os días de despois son moi tristes.*

déixame que colla a túa man. por iso.

quería levarche á praia. que viras o sol morrer sobre o mar cando avermella. ese sería o teu regalo para que sorriras. mañán levaríache á praia. e deixaríame enredar entre os teus cabelos. pero mañán xa estamos mortas. os días de despois sabes que cortan coma navallas. será terrible. e que é mellor que me sigas agora. porque mañá será terrible. e agora, caería no teu sorriso. e todos pensarían que nos amábamos.

(poema da serie *todo mal*)

adictas

todo é certo. eu por exemplo, amo o teu sorriso. creme. e deslizar-me sobre o teu peito antes de que todo acabe, que me abrace.

porque se me meto en líos non podemos amarnos?
móllanse as avenidas e escurece, non che vexo. e se saio é por atopar-me. busco os teus ollos nas pupilas cristalizadas dos que me persiguen. como agora. agora estouche buscando entre toda esta xente á que non coñezo. cada un saca a súa navalla pero non son para cortar, desafían a madrugada. fano así para que nunca máis me ames. non creas o que din as súas linguas. todas están secas e mortas. o padal. o ceo do padal é o lugar no que seguro te ocultas. porque ti eres un anxiño meu ben. e eu búscote no ceo.creme. todo é certo. non te engañes. somos adictas. eu por exemplo...

pequenas trampas

para isto serven estas pequenas trampas, liñas que debuxan horizontes, ves? ti tamén sabes como o aire corta no extremo equilibrio da palabra.

todos os poemas din cómeme.

para que queres saber máis? este gardeino eu para ti. quérelo?, nel mareas de follas de prata bailan nas copas das árbores. os teus dedos están descalzos e xogan a ser brisa entre a herba. son todo metáforas. e ese calor é a herba que trepa por ti. é de caramelo. eres unha mazá de caramelo. eres o que ti queiras. este poema é para que fagas con el o que ti queiras. eu gardeino para ti. é bó para soñar polas noites. para isto serven estas pequenas trampas.

(da serie *todo mal*)

**XIANA
ARIAS !!!**

Xiana Arias Rego naceu na Fonsagrada en 1983. De pequena mareábase no coche cando ía a Lugo. Ao chegar á cidade o primeiro que facía era vomitar e o segundo pedirlle a súa nai que lle mercase un pastel. Pasaba os veráns nun cámping preto de Tui onde había unha nena que tiña un oco no ollo dereito e non o escondía. Cando se rían dela por falar galego, gorecíase no oco do ollo dereito da nena e collía pedras. Ata 2006 non deu mercado un tira bolas (as do tira bolas somos todas) e é dende ese ano que traballa no Diario Cultural da Radio Galega. En 2007 publicou *Ortigas*. Pensa que os poemas son coma abridores de latas. Tamén en 2007 leu por vez primeira a J.G. Ballard e as Brigadas de Intervención Rápida George Grosz convidárona a participar do artefacto “Pirata” en apoio ao Cineclub de Compostela. Aí publicou a serie de abridores “Cleo de dez a doce”.





Catro acusacións de verán

*Para Antía Rodríguez, Erica Docabo,
Irene Cancelas e Sole Rei.*

1.
Repíte comigo: alucinación.
Alucinación.
É importante nomear?

Pensaba que tiña bichos
correndo polas veas.
Ao médico só lle preguntei
se había algo que curase
a hipocondría. Díxome:

- Estás ben.
Viñeches a tranquilizarte.
Levántate. Colle o abrigo.
Vístete lenta. Abre a porta.
Volve á casa.

Pero sinto arañas.
Nos caixóns da cociña.
Subindo polas pernas.
Correndo pola cama.

2.

Calquera momento
semella ser o momento.
A calor estende pola cidade
toda,
os vehículos
que non serven na escapada.

As ruínas son pegañentas
coma o medo.

Os ollos tras das fiestras
falan de prisións.

3.


Recoñézome na dor:
Non foi fácil ir ás festas.
Á volta pasabamos días
e noites enteiras atadas
ás patas da cama.

Non eramos lobas, non
pero tiñamos fame.

4.

Son curiosa.
Polas noites vou ao sur.
Polos días vou ao sur.
Da febre non se volve.

**PACO
SOUTO !!!**



A Coruña 1962. Coeditor da colección poética Letras de Cal e dos cartóns Edicións do Dragón onde publica con Adriana Castro *Dous Bocetos* e con Fran Alonso e Miro Villar, *A rota dos baleeiros*. Autor da peza teatral *Amar non ten Laranxas* nos Cadernos da Escola Dramática Gelega, 1994. A súa obra poética foi recoñecida, entre outros, cos premios Espiral Maior 1994 por *As árbores do incesto* e Johán Carballeira do concello de Bueu 2006 por *As horas de María*. Ten participado en exposicións colectivas e individuais, ilustrado libros e participado en distintas montaxes teatrais. Desde o 2006 conduce un programa de literatura en Radio Roncudo, a única radio libre da costa da morte. En 1993 realiza xunto con Laura Quintillán e Kukas o espectáculo pluridisciplinar América, no 2001 xunto ao piano de Serxio Moreira realizan *Como águas de Maio* e en 2003 unha homenaxe a Avilés de Taramancos *Avilés canto*. Este ano realizaron por encarga da A.C. Montebranco unha homenaxe a Xelucho Abella, autor homenaxeado nas Letras do Couto.



METAMORFOSE

Vivo nun país de marea baixa
Entre argazos e agullas de coral
Construímos a ilusión dos solpor
Mentres o sol debruza con quietude os seus pes
Na lagoa da tarde

De enchermos a lúa
O noso país cativo afogaríase en sal oceána
Apenas é un baixo
A romper a pedra azul das augas
Un salseiro de cobalto
Sen terra para a labranza
Sen augas de beber
Sen respiro apenas

Só nos queda
Arrincar a pel e que veñan as escamas
Empeñar brazos e pernas por aletas
E iluminar coa tuberculose
As galadas que nos dean alento
Maradentro

ÁFRICA

E despois de andar
O día enteiro
Andar aínda tres veces máis
Cos nenos ás costas
Ou colgando de ubre escasa
E así unha
Ou sete ou mil

E despois furar fondo no barro
Para non atopar da auga
Máis que o nome
E volver co camiño da noite
A deitar o vómito na cama
E morrer de fame
Ou diarrea

E seguir a andar de morta
A vida enteira

Para Lola, oleira

E se tes as mans cheas de arxila
Como non haberá ter o xinete
A dozura do teu aloumiño
E se o corpo se che enreda dorido na zorra da artrose
Como non saber do fume da terra en cada ola

Gardarei as palabras de dicer
No ventre oco dun libro non escrito
E que veña a carroa de toxos e de flores
A cocernos arreo a vida nos poemas

**PEDRO
CASTELEIRO**

!!!

nasce em Ferrol no ano 1968. Faz os estudos da Licenciatura em Direito na Universidade de Santiago de Compostela, onde enceta uma tarefa de publicação de livros, artigos e direcção de revistas (Folhas de Cibrão, Poseidónia...) bem como de vários programas radiofónicos. Em Compostela, publica seus primeiros textos poéticos, na revista universitária Ólisbos, pelo final dos anos 80. Ganha por duas vezes o prémio de poesia A.C. O Facho e recebe o accessit no certame Bouça-Brei. Durante os anos 90, já a morar na Corunha, onde reside na actualidade, faz parte do grupo poético Hedral; com este colectivo lança a antologia *7 POETAS/ CORUNHA 1995*. No ano 2008 é publicado o seu primeiro livro: *Cancioneiro do Silêncio*.





Canção para o casamento do enfeitado
(noite de São João)

a Estefania

Vêm aqui escutar a música
os hinos fortes e tristes
que iluminam o temor
e as noites do espírito.

Vêm ouvir as melodias que
encantam os dedos, como cigarros
e fumo, envoltos numa
transitória, delicada dança.

Ouvir histórias que alimentem
armários vazios, rapsódias
para a felicidade das tumbas.

Porque esse é o destino da pele,
converter-se no palácio dos vermes
em breve.

Ao mesmo tempo, este, nosso momento,
de sombra e música, é único
porque podemos
aprendemos como voar e cantar
e crescer altos e definitivos sobre o lume.

Vimos aqui bailar e aprender
uma nova voz cantada
que não ensina nada
que não dura
que morre e em cada gesto
permanece, sístole e
diástole do amor, metáfora
do entendimento.

Vimos aqui cantar a nossa morte
Cantar, após a morte, a nossa vida.

Canção para levantar âncora
(barcarola dos bêbados)

As terras do oceano
sabem da nossa fugacidade
cantada a altas vozes
nos portos em penumbra.
Nem me ficou de vós, canções,
a sombra
do vosso antigo afecto.
E voaram
as aves diurnas do conhecimento,
ficaram vazios
os cenários.
Mas
vós,
cantai-me,
filhos dos
tremendos suburbanos,
ao som dos sapatos de cristal,
dos velhos bares,
das bandeiras da clarividência.
Meus irmãos
milicianos e oráculos
desta obscura
arte de beber.

CONCHA ROUSIA !!!



Concha Rousia nasceu em 1962, em Covas, uma pequena aldeia no sul da Galiza. É psicoterapeuta na comarca de Santiago de Compostela; vice-presidenta da Associação pró Academia Galega da Língua Portuguesa; é membro da Junta de Governo do Colégio Oficial de Psicologia da Galiza onde é também a responsável de coordenar a Comissão Cultural. No 2004 ganhou o Prémio de Narrativa do Concelho de Marim. E no 2005 o Prémio de poesia de Ames. Tem publicado poemas e relatos em diversas revistas galegas como *Agália* ou *A Folha da Fouce*; e em brasileiras como Momento

Lítero Cultural, e Rascunho (Jornal de literatura do Brasil). Faz parte do grupo de poetas “O Clube dos Poetas Vivos” da Galiza. Colabora em diversos jornais galegos escrevendo artigos de opinião. O seu primeiro romance *As Sete Fontes*, foi publicado em formato e-book pela editora digital portuguesa ArcosOnline (www.arconline.com). Recentemente, em 2006, ganhou o Certame Literário Feminista do Condado. No 2006 publicou um grupo de dez poemas na Antologia *Dez x Dez* da Abrente Editora. Em 2007 foi seleccionada para fazer parte da primeira Antologia do Momento Lítero Cultural, em formato digital, Porto Velho. E em 2008 publicou seus poemas na antologia *Nas Águas do Verso* Porto. Também em 2008 está a fazer parte de duas antologias com poetas do Brasil: 1) *Poeta, Mostra a tua Cara* e 2) o volume 7 da Colecção *Poesia do Brasil*, correspondente ao XV Congresso Brasileiro de Poesia, que se celebra em Bento Gonçalves, Rio Grande do Sul, Brasil.



De madeira

De madeira os ramos da macieira que sobem
pola casa acima

De madeira a trave que suporta o peso do telhado
e o da neve no inverno

De madeira a lata onde descansam as telhas

De madeira o faiado que fala com o telhado e não lhe deixa
meter mais dentro a geada

De madeira o tabuado que divide a estância
que separa o lugar de dormir e o aconchega

De madeira a ucha de guardar o linho

De madeira a artesa onde se amassa o pão

De madeira o arcaz do grão e a tega de medi-lo

De madeira o berço dos meninos que medraram

De madeira a escada que sobe ao sobrado

De madeira a espeteira das garrafas
e as prateleiras da louça

De madeira os bancos e a mesa de jantar

De madeira a cama e a mesa de cabeceira
e o espelho
e o móvel da almofia

De madeira o lume que te faz topenear

De madeira o escano no que adormeces

De madeira o sonho e o barco no que fôges
salvando o mundo das chamas

De madeira a porta e o fecho que se abre
e te faz acordar

De madeira as chancas da vizinha que entra
pisando as tábuas do sobrado

De madeira a vara que leva para enxotar os cães
e o seu medo

De madeira as castanhas que assareis esta noite

De madeira tu que te sabes manter firme como pau

De madeira o caixão no que deixarás este mundo
polo Além

Tudo da Melra, Testamento

Eu sou o último vestígio da minha estirpe
disse-mo a melra, já me deu três avisos
subiu ao pessegueiro, pola do meio:

...Escreve os teus desejos antes de parar o tempo
reparte o mundo, reparte aquilo ao que já des-pertences

Onde, onde posso eu achar tão grande pergaminho
onde sem segar as almas todas dos carvalhos?

...Escreve no ar, solta livres as palavras
tu falas e eu vou movendo o vento que as leva

Mas a onde
a onde do infinito pequena amiga?

...Para mim o jardim e o pessegueiro, escreve

Isso é doado amiga vestido-preto
mas a quem deixar o peso do meu silêncio
a quem os recantos da terra que não pisei
a quem os segredos que me contou o mar
a quem as carícias das ervas do regueiro
a quem as pegadas que me leram na neve
a quem a coleção dos suspiros do loureiro
a quem os retratos da montanha na janela
a quem o deus do que descreio

a quem

a quem

diz-me a quem...

...A mim

eu sou quem fica

eu sou quem herda o mundo

tudo meu

quem te siga é estrangeiro

meu o mundo, da melra

bule

escreve

escreve

escreve

fala

diz

liberta o verbo

diz

tudo

tudo da melra...

Fui (21, 12, 06, 13:03)

Houve um tempo em que fui índia
e corri descalça pelo campo
sem saber que o campo era meu
mas era
sem eu saber e sem saber o campo

e era livre sem saber que era

eu era...
sem saber que existia não ser
sem ter que achar palavra para o ser
eu era...

e agora ando à procura
sabedora de que eu fui
retorno à minha memória
e tudo muda de lugar como pó ao vento
inclusive aquilo que era eterno
ficou velado pelo tempo presente
sem futuro
sem pés nus
sem relva orvalhada a me inundar o espírito

nesse tempo que fui índia
fui água
fui rio
e fui lagoa...
sem saber que era

Se Os Carvalhos Falassem

Se os carvalhos falassem
não ficaria eu tão só
e as minhas conversas deixariam de ser
monólogos que me queimam na gorja

Se os carvalhos falassem
minha seria a dor da sua decota
meu o medo ao incêndio
e minha a capa de prata do seu tronco

Se os carvalhos falassem
meu seria o mundo dos pássaros
meus os degoiros e fantasias
minhas as pernas trepadoras de criança
e suas as minhas caricias

Se os carvalhos falassem
seus os meus ouvidos
minhas as suas queixas
meus os seus ancestrros e os druidas
e as fadas do monte que há herdar meu corpo

Se os carvalhos falassem
Escutaria eu não outra fala
meu o refugio entre urzeiras e carpaços
minhas a paz e a liberdade
meu o meu destino
minha a minha pátria.

CRUZ MARTÍNEZ !!!



Armenteira, 1960. Foi organizadora do Festival de Poesía Mosteiro de Armenteira dos anos 1995, 96,97. Colaboradora do xornal portugués Gazeta de Felgueiras. Obra súa aparece publicada na web portuguesa Incomunidade e nas galegas: Biblioteca Virtual Galega, *Andar 21*,

revista *Espasmo* das Redes Escarlata... Incluída no número 13 da revista *Animal* que publica Edicións Positivas. Terceiro premio no Concurso Literário e artístico AALF en lingua portuguesa (Freamunde, 2003) Terceiro premio de poesía Eduardo Chao (Vigo, 2006) Segundo premio de poesía no 1º Certame Literario Terras de Chamoso, O corgo (Lugo, 2008).

Do 1 ao 26 de febreiro do 2008 participou con fotografía na Mostra Colectiva de Artistas Galegos en pintura, escultura, fotografía e vídeo, no Paço do alvarinho (Casa do Curro) Monção, Portugal.

É membro fundador do Colectivo poético A Porta Verde do Sétimo Andar dende que comezou a súa andaina en maio do 2005.

O seu blog supera as 23.000 visitas:
<http://aportaverde.blogspot.com/>

En setembro do 2007 presentouse na galería Sargadelos de Vigo o libro de poesía do colectivo, que leva o mesmo nome.



Galiza non se vende

Perpetrárona coa lingua endemoñada
do agoirento
perforando a beleza indefensa, machucada
entre a herba murcha
Mentres ollan a ferida durame dos cons
fincan os pés na maltratada terra e nisto
unha recua de grilos inicia o inminente
exercicio do exilio
deixando as moutas lúgubres, lousadas
de formigón
lesas, con evidentes sinais do matricidio
Aí onde tes a man, no corazón, agora
mantéñense vintecinco mil vermes cincientos
inanes
Incrústanse cepos no sangue coagulado e
transitan devezos esfiañados
Hanse atopar margaridas de ferruxe
nos peteiros dos paxaros fosilizados
e 13 corvos grallan enriba dos valados

No lado esquerdo da xanela pousa unha bolboreta
tricolor
verde, amarela, vermella

Alugada neste espazo, no que habita
Ten penduradas pingas de resío nas paredes
obxectos que recordan a herba mollada
trevos de catro follas, amuletos de boa sorte
e unha figura que se proxecta no centro do cuarto en
decúbito supino mirando o ceo
pousos de café certifican a fiabilidade das visións
catro bágoas enxoiatas descansan na páxina
daquel libro
que antonte ficou abandonado a carón da televisión
Un corazón con marcapasos atravesa carreiros
estreitos
Sabe que está de prestado
Nese tempo soa un sineiro e o reloxo de peto marca
as 12 e un cuarto
Deixa de contar as horas e sente na caluga os ollos
dos xurelos que agardan a hora de xantar
enriba da mesa da cociña
De vagar senta nunha cadeira e conversa
sen présa, e debuxa a silueta do vento
cun dedo no mantel

Este poema pertence ao poemario *Bosquexo dunha perna*
que pretende tirar para diante segundo premio de poesía no
1º Certame Literario Terras de Chamoso. O Corgo (Lugo, 2008)

O beizo ansía lamber a orixe da verba

coma xeado de chocolate
nun cucurucho

Ensarillado na obsesiva reprodución
Vómitos incontrolábeis, hipérboles
metáforas
sen pentagrama
e pérdese nos bares abertos á amencida

As noites, amantes fecundas
ás veces durmidas
estouran na aridez máis profunda e desolada
As curuxas anuncian morte
Morre aforcado co fío do móbil o frustrado poeta
Aquel que, ancorado nos febles valos da arrogancia,
saboreou
apalpou o éxito
no enganoso vidro de auga

que reflexa a súa imaxe coma a dun narciso
Mentres se celebra un velorio que a ninguén importa
Expóñense
ofertas de ovos do país no supermercado de enfronte

**ALBERTO
LEMA !!!**



Alberto Lema naceu en Bamiro en 1975. Licenciado en Filoloxía Inglesa, no dous mil e oito publica en Estaleiro Editora *Plan de Fuga*. Deste mesmo ano é tamén a novela *Unha puta percorre Europa*, en Galaxia. Este último libro foi tamén publicado en español por Caballo de Troya.



Nós tamén apreciamos a lei do ouro
e da prata, pero sabemos que un día baterán
no seu derradeiro mar de chumbo.

Sabemos que nada eterno entre dúas nada
e non será motivo para o desacougo
non diremos nunca: como foi, será.

Dust to dust, río circular do Tao.
O día menos pensado
Partirémolles o eixe á roda do tempo.

A cidade de cristal

Ninguén sabe con certeza a data da súa fundación
pero algúns sosteñen
que a tentación dos muros de cristal
comezou co primeiro home. A día de hoxe,
a cidade é tan grande que parece imposible un fóra.

Aínda así, chegan ás veces noticias coma pesadelos do exterior,
e hai predicadores subidos en baldes de lixo
que din que deberíamos facer algo.

Despois de darlle a razón,
volve cada un para a súa casa.

Hai dúas noites, un lóstrego bateu
con tanta forza contra a bóveda, que todos ficamos
calados como se non fose indestructible.

Os tabiques das casas tamén son de vidro
e os que non teñen nada que ocultar non deben preocuparse.

Eu mesmo
penso ás veces que estou feito de cristal
que observo o mundo desde un lugar remoto dentro de min
e as voces dos outros son ecos
de palabras pronunciadas tempo atrás.

Cando esperto
abrazo aterrado á miña muller, e nos seus brazos
atopo o mesmo frío das xanelas en inverno.

Talvez a calor sexa unha invención dos poetas.

IGOR LUGRÍS !!!

Nascim em Melide, um 6 de Abril de 1971.

Licenciado em Filologia Espanhola pola Universidade de Compostela, actualmente resido no Bierzo, onde trabalho como administrativo.

Tenho publicado três livros individuais de poemas: *Quem nós defende a nós dos idiotas?* (Letras de Cal, 1997), *Mongólia* (Artefacto Editorial, 2001), e *O Livro das Confusons*, (Ediçons Infinitas, 2006). Ademais, tenho colaborado em numerosas revistas e volumes colectivos, com poemas e textos doutros géneros.

Mantenho na rede o blogue “Ovnis e Isoglossas”, desde Janeiro de 2005. Por meio deste blogue, e sempre trabalhando com a rede como veículo de contacto e comunicación, promovim as iniciativas de criação colectiva e plural, e sempre em galego:

“Um cadáver na rede”, para a construção de inúmeros cadáveres esquisitos (poemas colectivos), que posteriormente foram a matéria prima para uma exposição em Ponferrada, na Galeria de Arte Dosmilvacas; e “Escreve o abecedário”, para a criação de textos literários a partir sempre de palavras que comecem pela mesma letra.

Por meio do meu blogue, distribuim o terceiro dos meus livros, *O Livro das Confusões*, que foi enviado de balde a todas as pessoas que o solicitaram; e recentemente distribuim também de balde uma edição especial do meu poema “A minha língua quero na tua boca”, que foi o primeiro trabalho do projecto *Poesia para ver / poesia para ler*, um projecto ainda em marcha, no que procuro novas vias e novos caminhos de expressão para a poesia, assim como novas formas de contacto e apegamento à público leitor, convertindo ao poema num objecto plástico que se possa ver e expor ao tempo que siga podendo ser lido e recitado.





A minha língua quero na tua boca

A minha língua quero na tua boca
e nos teus lábios nos teus peitos
E no país inteiro do teu sexo
falar com o idioma que nos pertence
Procurar a humidade com a língua que nos une
para dar-lhe nome ao teu corpo
e repetir em cada rio em cada bosque
em cada outeiro da tua geografia
a promessa de quem ama sem palavras
Com o silêncio das estrelas, tam longínquo e singelo

Casa Skylab*

Quando se nega o dia a escalar o corpo dos altos edifícios
mostrando fragmentos de estrelas proibidas
onde a penas existem feridas que se esquecem
porque nos arrodean os poldros perdidos da brétema
Alta cidade tinguida pola névoa
Na cidade chove em amarelo
umha água fresca que me encelma a língua
e umha música lonxana esvaendo-se
Desde a opaca pátina do balcom pechado
no abissal fondo dos oceanos
venhem lentas as fías dos remorsos
No meio da rua
grosseira inculta e pouco delicada
em um jardín que tarde ou cedo há engolir o asfalto
memória do que queremos esquecer
ainda há algo a reclamar-nos
Som tempos de olhar a chuva
invernía no lento fluír dos almanaques
Será a emoçom quanto vale nesta terra?
De cada cidade agroma o aroma dum mistério
fronte ao mar equivocado
Como sei que ti e eu nos queremos

* O poema é meu, o título de Santiago Jaureguizar e os versos de: Celso Álvarez Caccamo, Luisa Villalta, Miro Villar, Anxo Angueira, Xohana Torres, Fran Alonso, Antón Avilés de Taramancos, Xosé Luís Santos Cabanas, Yolanda Castaño, José Alberte Corral Iglesias, Ana Romani, Emma Couceiro, Lois Pereiro, Pilar Pallarés, Marta Dacosta, X. Antón L. Dobao, Eduardo Estévez, Carlos Negro, Estibaliz Espinosa, Alberte Momán, Franck Meyer, Maria Lado.

Nom existe mais que
o caminho
O que vives é a viagem
Estou confuso
e nom escuito mais
que o silêncio iluminando
esta noite
cheia de palavras
Arder
é a palavra
que procuras

Compostela vermelha e etérea
Compostela vermelha e etérea
os sonhos de licor-café
a terra de pedra que arde
e o mundo que roda sempre do revês


Os livros da madrugada
cafés dentro do café
a lua fala da memória
e dumha história que nom vai morrer

A pátria constroese nas ruas
as ferramentas som todas as maos
as cores das velhas bandeiras
desenham os ritmos das novas cançons
Compostela vermelha e etérea
os sonhos de licor-café
etc...

Para o metal

Escuitas
ou nom escuitas
os telejornais
e dis
ou nom dis
que ainda nom sei
ou nom sabes
como é que falas
ou nom falas
enquanto fora a lua
canta
novas melodias de rebeliom

CHUS PATO !!!



Chus Pato, (Ourense, 1955) publicou *Urania* (editorial Calpurnia, 1991), *Heloísa* (Espiral Maior, 1994), obra traducida ao castelán por edicións La Palma, *Fascinio* (Toxosoutos, 1995), *Nínive* (Xerais, 1996), galardoada co premio Losada Dieguez, *A ponte das poldras* (Noitarenga, 1996, 2ª edición Galaxia, 2006) *m-Talá* (Xerais, 2000, traducida ao inglés, Nomados 2003), *Un Ganges de palabras* (antoloxía bilingüe gallego-castellano ao cuidado de Iris Cochón, Colección Puerta del mar, CEDMA, Málaga, 2003), *Charenton* (Xerais, 2004, traducida ao inglés, Shearsman, 2007) e *Hordas de escritura* (Xerais, 2008). Os seus poemas están incluídos en prestixiosas antoloxías tanto de ámbito nacional como estatal ou internacional. Os seus libros parcial ou enteiramente traducidos ao inglés, castelán, euskera, italiano, polonés, catalán, alemán etc. É membro do P.E.N. club e de Redes Escarlata.



Ese corte é a memoria
un camiño baixo as augas, seixos mallados, todos os ocres dun río
ou lama que ao pisala ascende co sangue

desde o aire Galicia é un lugar onde a vexetación e os cultivos son
colchóns ou almofadas de tamaños diversos; a sensación é de que
se te tiras serías de inmediato reflotada cara a arriba nun proceso
de vitoria sobre a gravidade, ou ben poderías permanecer baixo
esa protección acolchada para o resto dos teus días

razón pola que as persoas que optasen pola variedade primeira
serían ximnastas e acróbatas

Galicia desde o ceo é un sistema de confort inmunitario

a xestación dun libro é un embarazo de tempo imprevisíbel; a súa
posterior publicación unha invitación á luz, ao aire, ao tempo no
que un poema ten que se valer por si

todo isto en xeral segue a derrota da Vía Láctea

e non, apenas durmín porque o comisario introduciu a horta na
casa e con ela as árbores e coas árbores os paxaros

as persoas son valos de respecto infranqueábel

logo veu o fascismo e por iso ninguén escribiu na miña lingua
unha novela como *Berlin Alexanderplatz* ou *Manhattan Transfer* e
non me veñas co conto de que no meu idioma non hai ningunha
cidade como Dublín

é difícil pero podes organizarte

non é que o eu se constituía no poema, máis ben o poema é unha animación, entón semellamos loucas, o que nos ocorre é a existencia

o meu corazón político, claro que preferiría non espertar con tanto resentimento

a destrución en Galicia non atinxe o inorgánico, por iso non podemos dicir que teñamos ruínas; a destrución en Galicia correspóndese coa desarticulación do tecido social e con parámetros morais, por iso non podemos soste que teñamos ruínas (as ruínas lingüísticas, a ruína de unidades produtivas e mentais non son avaliábeis). Noutros países a destrución abrangue tamén o inorgánico (bombardeos). Non podemos afirmar que un infarto sexa unha ruína do corazón, un corazón arruinado

un corazón non é un músculo inorgánico

e os dispositivos de escritura repregáronse a un esquema de si e a magros e hipotéticos temas de reflexión futura

non parece que as nubes naveguen nun medio hostil

se non é unha guerra, quen dispara, quen te mata, quen é o inimigo?

(de *Hordas de escritura*)

Un caballo para as musas

Fotografaron a morte, o ollo fascinado da morte, o espello, a pedra, os cabalos. Pero eu non creo que iso lle sucedese á morte; sen embargo a nai expulsa de si en cada pinga de sangue cabalos máis luminosos que a luz que son cabalos fonte, cabalos pozo, cabalos lóstrego e trono, que é o caballo das musas.

A Terra fábricase coa arte, na arte construímos un niño, no niño dicimos as palabras. As palabras non están suxeitas á morte porque son quimeras da voz, aínda que si á desaparición porque concibimos a extinción das especies.

É un animal pero é un deus, é un deus pero é a morte, é musica a aménodoa, o animal, o deus, a morte; a súa sombra o tempo.

Pero a nada, a nada é algo
aínda / mundo.

O caballo das musas é un nacente de auga, cando ves o lóstrego no ceo el xa non está, vai co son do trono cara o teu ouvido, cando se aquieta é pozo de auga profunda e podes reflectirte nel; se de inmediato recoñeces a túa imaxe quedas presa, se non a recoñeces nunca non poderás vivir, se a imaxe das augas é a do amado é que son entrañas.

A nai é alíxera e ás veces achégase cun caballo, coida del e móntao, ela tamén pode transformarse en egua, a súa lingua é longa e babea como os cabalos. Cando a nai bota a lingua por fóra, a súa boca é reunión dos sexos. O caballo das musas é o nacente de todos os ríos e coas augas viaxa polo planeta e vai dar ao mar, pero a súa linfa é doce, por iso non podemos dicir que as salinas malia a brancura e a brillantez pertenzan á nai. Durante meses o caballo, as musas erguéronse antes de raiar a alba, querían escribir

renunciando ás próteses da civilización, non co corpo senón con aquelas zonas do corpo retiradas a áreas de luxo e confort. A nada está sempre presente nas palabras por iso as palabras son fantasmagorías da voz. Por esta causa as meniñas e os meniños adoran as tronadas.

Cando o sangue cobre o espello é a nai, é veraz e os paxaros son vermellos. Se a nai elixe o teu ollo para petrificar os que te odian é porque sen dúbida e sen rival é o máis fermoso. A pedra conmemora o horror (compre que flúa que entre e saia do corpo o espanto) se é persoal, as estatuas son íntimas. O sangue empapa o mercurio, os riscos son entón incalculábeis e a víbora busca a vea. Ningunha identificación é perfecta. Dis “madre /memoria”.

Ela non te ve porque a ti agáchate a noite, se cadra un presentimento pola sombra ou cando se che reflicte o corpo na burga. Precisas un transporte veloz para chegar, para volver ao aire dos humanos. A cabeza que levas no fardel é máscara do teu rostro defunto. Non é persuasiva a morte, iletrada flor, bailarina do Hades. Tamén ti danzas ao son da frauta, do asubío das serpes, dos latexos dos cans, do rincho dos cabalos.



LIMAM BOICHA !!!

Poderia ter nascido num ano formoso, com nome poético, por exemplo: “O Ano da chuva de estrelas” ou “O Ano do parto de abelhas”. Mas nom, esse privilégio só lhes correspondeu aos meus antepassados, pais, e dous dos meus irmaos. A alguém se lhe ocorreu abortar a nomenclatura dos anos, segundo a nossa mitologia, a mitologia saaraui. Por tanto, quando desponteí do ventre da minha mae, os anos já eram cifras, tristes cifras, e estampárom-me: 1973. Nom sei o dia, nem o mês. Segundo minha mae foi em Julho ou Agosto. O acontecimento ocorreu acidentalmente na cidade mauritana de Atar. Pouco tempo depois chegou a guerra contra Marrocos e Mauritânia, e com ela sobrevéu o difícil êxodo, e essa longa estaçom de exílio, que ainda dura.

O exílio resultou para mim, e os da minha geração, umha sucessom de estaçoms para estudarmos e nos formar. A primeira foi um internado, o “9 de junio”. Nom havia –como agora– “Vacaciones en paz”. As nossas férias eram em estado de guerra. Em 1982 marchei com um grupo de uns quinhentos nenos e nenas a Cuba para estudar. Depois de doce anos, licenciiei-me em Jornalismo, na Universidad de Oriente, em Santiago de Cuba. E volvim ao Saara, aos Acampamentos de Refugiados, no sul de Argélia. Custou-me meses recuperar os anos de incomunicação, de ausência.

Como licenciado acheguei o meu grao de areia, a minha ilusom ao projecto comum. Trabalhei vários anos na Rádio Nacional Saaraui, até que decidim que podia ser mais útil, à minha família e ao

meu povo, estando na Espanha. Actualmente resido e trabalho de mediador intercultural numha biblioteca de Totana (Múrcia) e o Saara está mais presente do que nunca no meu coraçom. Entre os meus olhos esvoaça a ansiada esperança de que a próxima estaçom seja o mar da nossa autêntica fronteira.





SEIS POEMAS

UM BEIJO

Um beijo,
somente um beijo,
separa
a boca de África
dos lábios de Europa.

MITOLOGIA

“Los años son un pozo de memorias”
Mario Benedetti

Meu pai dixo-me:
“Eu nascim o ano
dos dentes verdes
dos dromedários”

Agora eu pergunto-me:
que figemos dos nossos anos,
tam longínquos e estreitos?

Caírom malbaratados
entre o esquecimento da tradiçom
e a sede das dunas?

Esfumárom-se no ar
como feixes de lenha?

Procurai os anos na poesia,
ossos da memória
como os nossos antepassados.

Os nossos anos som versos,
como umha chuva de estrelas,
como a formosa erva
ou o parto das abelhas.

Estes som os nossos anos
abandonados,
esqueletos trágicos
como grandes tormentas,
como umha chuva vermelha
ou um vendaval de lagostas.

E nom estes outros
incipientes e artificiais
que agora penduramos
do almanaque
dos nossos sonhos.

EU BEBIM OS VERSOS DA MADEIRA

Na minha infância eu bebim
Os versos da madeira

Um almurabit aprendeu-me
a fundi-los na alma.

Na sua mao colocou
umha lisa madeira
castanha de rosto belo.

Com tinta de carvom
empapava a sua fina pena.

Escrevia versos
na memória da madeira.

Depois das liçons
vertia água na poesia.

Um caudal de versos descendia:
“Toma-o todo -dixo-
para que fecunde a tua mente”.

Na minha infância eu bebim
Os versos da madeira.

Um almurabit aprendeu-me
a fundi-los na alma.

RAMOS DE TEMPESTADE

O neno oferece
com os seus olhos,
com o triste brilho
do seu rosto,
o único que tem.

O neno nom tem nada,
e no meio da nada
há umha árvore de duna,
o Deus do vento espirra
e o neno oferece
ao seu amigo
de outra cultura
um ramo de tempestade,
o único que tem
nesta vida dura.

ESTE DILÚVIO NOSSO

Parece que as ratas nom avisárom
de que vinha o dilúvio.

Parece que ninguém as viu apanharem a sua bagagem,
irem cara aos altos outeiros.

A sabedoria dos nossos anciaos
nom pudo decifrar os sinais?

E ninguém preparou a barca,
nem tirou o pó das velas do seu baú.

E chegou o dilúvio...
e desmoronou a metade
da nossa pele de barro.

E deixou-nos pasmados
com outra ferida de guerra.

DESEJO DE UM PEIXE

Antes de ver o primeiro peixe
esvoaçar as suas vivas cores.

Antes de o presenciar
na força do anzol
com gelados olhos de sobressalto.

Antes de ver o mar,
por primeira vez.

Na escola do exílio,
o mestre contava
que há um peixe varado
no meio do Sahara
e o seu desejo é volver ao oceano.


Desde a outra beira-mar
o peixe desidratado
serpenteava e caía...

E o peixe só podia volver
-dizia o mestre-
com a acústica dos nossos aplausos.

**ISAQUE
FERREIRA !!!**

Nasceu em 1974, no Porto. Foi seminarista.
É egoísta (uma virtude). Chega atrasado
(é sempre uma virtude, chegar). Por vezes tem,
outras não. É membro feliz do colectivo poético
Caixa Geral de Despojos. Lê abusivamente
poesia. Vai escrevendo e não augura nada
de bom.





Hoje vulgar

É um retinto
apocalipse onde respiro mal. Fecho o jornal - as notícias
de ontem já eram velhas notícias.

Vontade de beber
demais. Não tenho tempo. Dizem-me que é tarde
depois das seis. Vai para lá de meia
a tarde, há pessoas que apanham jeitos, falam assim.

Aperto os atacadores - tropeçarei neles
amanhã, durante o mecanismo de subtracção - e,
sem dar conta, faço a prova
dos nove.

Está feita.

Estou feito.

Forçar

Esta ideia de fogo
no verde fere-me a pensar
um bocado mais no verso
que não resulta. Entanto
nada acontece neste mas.

Vou polir os talheres do aborrecimento.

Carla

As primeiras pessoas cansam.

Sou eu, mais dado

à tua pessoa.

**NÚRIA
MARTÍNEZ
VERNÍS !!!**

Barcelona, 28.12.1976

Prémios literários: Amadeu Oller de poesia, 2000: *L'acròbata tampoc no en sortirà il·lès* / Memorial Anna Dodas, 2001: *L'acròbata tampoc no en sortirà il·lès* / Vila de Vallirana-Josep M. López Picó de poesia, 2003: *Quantes mentides fan una sola veritat*

Livros publicados: Poesia: *L'acròbata tampoc no en sortirà il·lès*. Barcelona: La Magrana, 2000 / *Quantes mentides fan una sola veritat*. Barcelona: Proa, 2004



Si m'havia de veure descalça seria a la via del tren, però alhora decapitada. Després acabar de l'espectacle l'argument, desfer l'ansia i normalitzar el buit, el cicle estricta del dolor, les portes i els laberints intransitables. He perdut. He volgut quedar-me la teva por i has triplicat la meua.

Atentament.

N.

1

Podria començar a amotinar els soldats, les nines i les bruixes amb l'esquarçeració d'un cos, d'estructura rumor i d'aigua sense límit. De vessar i abocar la nineta, desviació acotada per la proporció dels noms sota l'aixeta de l'aigüera. El forat escola desaparició, la serreta és a les mans i la cresta immaculada. Avui no he dormit.

2

La batalla quan toca terra desvesteix. He deixat d'existir davant, ara sóc ordinària i lletra és guerra.

Se tivese que me ver descalza sería no camiño de ferro, mais entón decapitada. Despois rematar do espectáculo o argumento, desfacer a ansia e normalizar o baleiro, o ciclo estriado da dor, as portas e os labirintos intransitábeis. Perdín. Quixen quedar co teu medo e triplicaches o meu.

Atentamente.

N.

1

Podería comezar por sublevar os soldados, as bonecas e as bruxas co desmembramento dun corpo, de estrutura rumor e de auga sen límite. De derramar e asomar a pupila, desviación acoutada pola proporción dos nomes baixo da billa do vertedoiro. O burato escorre desaprensión, a serra está nas mans e a crista inmaculada. Hoxe non durmín.

2

A batalla cando toca terra ispe. Deixei de existir antes, agora son ordinaria e letra é guerra.

3

És tant poc útil la son per al combat persona-persona que reconec caselles plenes i soldats d'aire estavellant els ulls cap a un blanc impossible. La derrota és aquí. Accepto la condició de mala olor, de pou mort, de túnels i grues que reconstrueixen el desinterès en dosis no apamables. Aquí, la reconstrucció és d'aigua i fluïxesa que des del moll lector es viu l'obsessió d'escoltar-te, de pagar amb duros la pols per metres. I l'oli destaca. S'escampa tant a poc a poc que veuràs com combina tristesa, ràbia i pena, com no fa adéu ni salut, sols el gest de perdre. Conclou que no sap fer-ho d'altra besada. Discurs d'adéu de tu i barrancs que s'anticipen; la fona talladora, la destrucció biogràfica. La boca du pinyol i els mariners els seus nusos. L'ofec també fa cervell. I de la son una manera tranquil·la. Deixaré fer als escaquistes, soldats i bruixes en una estratègia suïcida: Tu no importa.

4

Despertar del món i caminar amb ordre. Si pogués dormir el nus que la grua mou amb sàvia combinatòria diria carrer i antic passatge de la ciutat putrefacta. Els nusos són l'emoció no continguda. La febre el sistema d'obsessió avesat a descreure i a obviar la por.

3

É tan pouco útil o sono para o combate corpo a corpo que recoñezo espazos cheos e soldados de aire batendo os ollos cara a un branco imposíbel. A derrota está aquí. Acepto a condición de mal cheiro, de pozo morto, de túneis e grúas que reconstrúen o desinterese en doses non mensurábeis. Aquí, a reconstrución é de auga e febleza que, desde o moguelo lector, vívese a obsesión de escoitarte, de pagar con pesos a poeira por metros. E o aceite destaca. Esparéxese tan aos poucos que verás como combina tristeza, raiba e pena, como non di adeus nin ola, só o xesto de perder. Conclúe que non sabe facelo doutro beixo. Discurso de adeus de ti e barrancos que se anticipan; a atiradeira tallante, a destrución biográfica. A boca ten óso e os mariñeiros os seus nós. A asfixia tamén fai cerebro. E do sono un xeito tranquilo. Deixarei actuar os xadrecistas, soldados e bruxas nunha estratexia suicida: Ti, non importa.

4

Acordar do mundo e camiñar con orde. Se puidese durmir o nó que a grúa move con sabia combinatoria diría rúa e antiga calexa da cidade putrefacta. Os nós son a emoción non contida. A febre o sistema de obsesión afeito a descrer e a eludir o medo.

5

Faig fang per a les noves criatures. Invento superpoblació. Caracteritzo individus amb infinites variacions de la mateixa por. Dia a dia substituir perfecte la cara -ho porta l'escultura -i pel fang canviar ràbia pena mal i allargar la vida pels costats que exposes. Flanc d'un ganivet o una congestió de no estar, i més per casa. La muntanya és un decorat que explica *shows* per a teatrets i firetes. Avui és exacte la pena. Desafectats els cossos són ordres que desprogramo de càstig. És per mi. És la culpa, la son i la incapacitat d'endreçar els duros i les armes que calen. Del bon fer, de la bona matemàtica, del rumor diari, d'avall les olors que podrien tocar-se, ser tacte d'entre els mars i navegar com si nedar fos un fixar el timó cap robar les pors. *No deixo de Ben Harper amb tu*, i que l'estafa sigui exacte.

6

L'últim incendiari ho ha cremat tot sense mirament d'aigua. És impotència, és la llesta facilitat del cansament, d'avui no dormim demà tampoc. Aire de tu i tanta mala falla. La pira magnífica, l'altra cara de l'altre, una nit i a ser últim. El fang comença a eixugar les criatures, ànsies que funcionen soles. El prat que teniu davant és un paladar llagat, de tu l'encontre d'abans i la febre que tot ho porta. Et regalo la temperatura i no m'anul·lo.

5

Fago arxila para as novas criaturas. Invento superpoboación. Caracterizo individuos con infinitas variacións do mesmo medo. Día a día substituír perfecto o rostro –conlévao a escultura– e pola arxila mudar raiba pena dor e alongar a vida polos costados que expós. Flanco dunha navalla ou unha aglomeración de non estar, e aínda máis na casa. A montaña é un decorado que conta shows para teatriños e feiras. Hoxe é exacta a pena. Desafectados os corpos son ordes que desprogramo de castigo. É para min. É a culpa, o sono e a incapacidade de preparar os pesos e as armas que cómpren. Do bo facer, da boa matemática, do rumor diario, de debaixo dos cheiros que poderían tocarse, ser tacto de entre os mares e navegar como se nadar fose fixar o temón até roubar os medos. *Non deixo de Ben Harper en ti*, e que a estafa sexa exacta.

6

O último incendiario queimouno todo sen consideracións de auga. É impotencia, é a lixeira facilidade do cansazo, do hoxe non durmimos mañá tampouco. Aire de ti e tanta mala falla. A pira magnífica, a outra cara do outro, unha noite, e a ser o último. A arxila comeza a secar as criaturas, ansias que funcionan soas. O prado que tedes diante é un padal ulceroso, de ti, o encontro de antes e a febre que arrastra todo. Regáloche a temperatura e non me anulo.

7

Penso en indagar un camp que faci futbol i ser a la grada per insultar a qui vulgui mirar-me. Penso en menjar sorra i convèncer l'estómac d'una altra disciplina menys necessària. Menjar res i fregar les galtes correctament per l'asfalt o a la pica acumular merda sense escolar-ne gens. A canvi, no pensar-ho. Que es recreïn i s'escurin els ulls tant com puguin les rèpliques civilitzades que sortiran per atacar l'ansia.

8

Per deixar de fer hauria de multiplicar-te. Vull desmemoria i exigeixo el mateix desinterès. Fugir de recorre't infinita l'exactitud de sobreviure't: La definició força a viure, i mano al fang que civilitza. Criats per desfer, mutar de zero les voluntats i prescindir de carn. Vull cansament, vaguetat i no res, sense dubte.

9

Manar és un secret inevitable i de l'ambició de Déu d'inventar poder i criatures cegues en farem profit. Perquè obligats a transitar sé que la rutina és la cirugia, l'escultura poc acrobàtica i l'estil el de les divinitats: de lluny i de costum fer mística poc artista. La salut és dèspota, com el vigor d'aquest Déu avorrit, fastiguejat i fastiguejats els guerrers que reproduceix idèntics perquè pugui sobreviure.

7

Penso en esculcar un campo no que haxa fútbol e estar na bancada para insultar a quen queira mirarme. Penso en comer area e convencer o estómago doutra disciplina menos necesaria. Non comer nada e fregar as fazulas correctamente polo asfalto ou no vertedoiro acumular merda sen que nada escoe. A cambio, non pensalo. Que se recreen e repañen os ollos tanto como poidan as réplicas civilizadas que sairán para atacar a ansia.

8

Para deixar de actuar tería que multiplicarte. Quero desmemoria e esixo o mesmo desinterese. Fuxir de percorrerte infinita a exactitude de te sobrevivir: A definición forza a vivir, e mando a arxila que civiliza. Criados para desfacer, mudar de cero as vontades e prescindir de carne. Quero cansazo, vaguidade e máis nada, sen dúbida.

9

Mandar é un segredo inevitábel e da ambición de Deus de inventar poder e criaturas cegas habemos de tirar proveito. Porque obrigados a transitar sei que a rutina é a cirurxía, a escultura pouco acrobática e o estilo o das divindades: de lonxe e por costume facer mística pouco artística. A saúde é déspota, como o vigor deste Deus aborrecido, enfastiado e enfastiados os guerreiros que reproduce idénticos para poder sobrevivir.

10

Sense rumors ni motins els soldats es fonen, s'imanten i s'interposen entre tu i tu les vegades que calgui. Murs que de molt abans Déu ja coneixia.

11

La imaginació no fa amors. Fa guerra i soldats sense distincions que ocupen les posicions i els buits que l'aigua deixa sense respiració. Déu i per ràbia, Déu i per abandó, Déu i per follia, Déu i sense amor creador dels sòlids prescindint d'humanitat. L'escultura tan deliciosa no és discurs de res, és reproducció automàtica. Sistema de fe que ha de no repartir la culpa i destacar en la multiplicació dels uns: soldats que de ras fan neta la memòria. Que s'ho enduguin tot i em deixin pensar si la por es guanya o si mana. Tenim el terror dels cossos que s'abandonen i un mig fer magia per besar sense voler el que ja és impensable. Són altres les ciutats protagonistes. Móns esvaits de sobte i fred perquè la memòria mata. Davant, Déu a construir murs per a assecar aigua i arrengher les figuretes de fang que salvaran la guerra per als mutilats. La mecànica de resignació en gàbia voluntària: mana avall una fondària ample. Tu als extrems. I Déu que es descuida d'estratègies. De Déu que no li cal viure ni sortir d'enlloc. De Déu que és en plena decepció dels móns que s'il·luminaven. De Déu que vomita quan es tracta de la por que vas endossar-li. I es desmemoria de protagonismes transformadors, es mata, es desapareix.

10

Sen rumores nin sublevacións os soldados fúndense, magnetízanse e interpóñense entre ti e ti as veces que cumpra. Muros que de moito antes Deus xa coñecía.

11

A imaxinación non fai amores. Fai guerra e soldados sen distincións que ocupan as posicións e os baleiros que a auga deixa sen respiración. Deus e por raiba, Deus e por abandono, Deus e por loucura, Deus e sen amor creador dos sólidos que prescinde de humanidade. A escultura tan deliciosa non é discurso de nada, é reprodución automática. Sistema de fe que non debe repartir a culpa nin destacar na multiplicación dos uns: soldados rasos que rapinan a memoria. Que o leven todo e me deixen pensar se o medo se gaña ou ben manda. Temos o terror dos corpos que se abandonan e algo medio como facer maxia para beixar sen querer o que xa é impensábel. Son outras as cidades protagonistas. Mundos esvaecidos de súpeto e frío porque a memoria mata. Diante, Deus a construír muros para secar auga e aliñar as figuriñas de arxila que salvarán a guerra para os mutilados. A mecánica de resignación nunha gaiola voluntaria: manda cara a abaixo unha profundidade ampla. Ti nos extremos. E Deus que se desentende de estratexias. De Deus que non precisa vivir nin saír de ningures. De Deus que está en plena decepción dos mundos que se iluminaban. De Deus que vomita cando se trata do medo que lle metiches. E esquece protagonismos transformadores, mátase, desaparece.

12

D'avui no he dormit que continua per la distància despreocupada en una guerra solidària. S'amotina la pluja per fer fang i criatures exactes. Sense pretensions. Criatures de dret que fabriquen el mur que ha de fer lluny les pràctiques comunes. Una teoria d'autisme que resta ambició de respirar. Avui els pulmons estalvien, avui és cada cop menys la ràbia, avui és només això, sense sorpresa.

12

De hoxe non durmín que continúa pola distancia despreocupada nunha guerra solidaria. Amotínase a chuvia para facer arxila e criaturas exactas. Sen pretensións. Criaturas de dereito que fabrican o muro que debe afastar as prácticas comúns. Unha teoría do autismo que resta ambición de respirar. Hoxe os pulmóns aforran, hoxe é cada vez menos a raiba, hoxe é isto só, sen sorpresa.

AGRADECIMENTOS E CRÉDITOS !!!

Agradecimentos:

João Gesta e Isaac Lourido

Créditos:

p.19: Cartaz sanitário chinés (detalhe)

p.29: Serigrafiti anónimo nas ruas de Barcelona, 1988

p.35: Consorcio estatal do automóbil soviético. Anónimo, sen data.

p.55: Manifesto Zoo (detalhe). Dimitrij Bunalov, 1928

p.61: Xilografía (detalhe). Joan Llorens, 1859

p.83: A Tempestade. Giorgione

p.89: Gráfica dum produto dental soviético. Anónimo, sen data

Contou-se com a promoçom de

Industrias Ferri, Construcións Caselas,

Binca, Galiciano S.L.A.



Tiraram-se 800 exemplares desta antologia
do XXII Festival da Poesia no Condado,
os poemas compostos em Bell 11/14 pts
e os títulos em AvantGarde 46 pts,
no prelo de Gráficas Juvia
em agosto
de 2008

